



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

ASISTENCIA Ó PLENO:

Alcalde:

Don Manuel Muíño Espasandín BNG

Concelleiros:

Dona María Pilar García García	BNG
Don José Brenlla Castiñeira	BNG
Don Germán Pérez Freire	BNG
Dona Cristina Pardiñas Lorenzo	BNG
Don José David Gómez Brandariz	PP
Don David Rial Montes	PP
Don José Martín Cundíns Suárez	PP
Dona Sheila Rial Mata	PSOE

Secretaría:

Dona Isabel Outeiriño Sánchez

Ausentes:

Dona Natalia Espasandín Pazos	BNG
Don Manuel García Velo	BNG

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 29.12.2025

En Zas, o día 29 de decembro de 2025, ás dez horas, reuníronse no salón de actos, habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde Don Manuel Muíño Espasandín, coa asistencia da secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión extraordinaria do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

A señora secretaria verifica, que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución. Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na orde do día.

PRIMEIRO.- Aprobación, se procede, do POS+ ADICIONAL 4/2025

O Sr. Alcalde toma a palabra e explica brevemente o contido da proposta e posteriormente da lectura á mesma,

“Vista a convocatoria da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 4/2025**” da Deputación Provincial da Coruña.

Visto que o concello de Zas, pretende participar nesta convocatoria e solicitar a oportuna financiación de investimentos.

En virtude das miñas competencias que teño atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**,

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 4/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos
--------------	---------------------------------



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

	Deputación	Achega municipal	Total concello	Subvención Xunta Galicia	Orzamento total
Proxecto para a renovación e mellora da accesibilidade da praza do campo, Zas	272.650,32	69.963,07	69.963,07	342.610,00	685.223,39
TOTAL	272.650,32	69.963,07	69.963,07	342.610,00	685.223,39

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Sometido a votación o pleno por unanimidade dos membros presentes adopta o seguinte **ACORDO**:

"1.- "Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 4/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamentos dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Achega municipal	Total concello	Subvención Xunta Galicia	Orzamento total
Proxecto para a renovación e mellora da accesibilidade da praza do campo, Zas	272.650,32	69.963,07	69.963,07	342.610,00	685.223,39
TOTAL	272.650,32	69.963,07	69.963,07	342.610,00	685.223,39

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

SEGUNDO.- Aprobación inicial, se procede, da Relación de Postos de Traballo do Concello de Zas.

O Sr. Alcalde toma a palabra e explica brevemente o contido da proposta, manifestando que se negociou cos sindicatos e que a proposta incrementa o gasto no capítulo I e crea algún posto novo de traballo.

Posteriormente da lectura á proposta,

"Visto que o equipo de goberno quere proceder á aprobación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Zas.

Vista a proposta elaborada por Xoán Antón Pérez Lema Avogados e Consultores, SL que figura no expediente.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
[//www.concellodezas.org/](http://www.concellodezas.org/)

Visto os motivos expostos na proposta de Relación de Postos de Traballo do Concello de Zas, os cales xustifican a súa necesidade de aprobación, fundamentándose en:

- Dar cumprimento ó mandato previsto na normativa vixente sobre a necesidade de dotarse dun instrumento de ordenación de todos os seus postos de traballo que estructure a súa organización, como instrumento técnico diferenciado da plantilla de prazas, e permita unha toma de decisións estratéxicas sobre o emprego público local.
- Fixar, homoxeneizar e dimensionar as retribucións, ou parte delas, para cada posto concreto en función das súas características esenciais previa valoración e ponderación do posto de traballo.
- Dotar dun instrumento que posibilite a creación, modificación, refundición, supresión e provisión de postos de traballo de xeito negociado e obxectivado, artellando deste xeito o dereito á carreira profesional do emprego público municipal do concello

Visto o imperativo legal fixado no artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Visto o disposto, no art. 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que tamén contén un mandato expreso ás entidades locais relativo á obriga de elaborar unha RPT.

Visto que a proposta da RPT foi negociada, nas distintas mesas de negociación celebradas ó longo deste ano e que na última sesión, que se celebrou o 25.11.2025, chegouse a un acordo co sindicato que se personou.

Visto o informe emitido pola Secretaría de data 22.12.2025 e visto que se subsararon uns erros de transcricións detectados, que non afectan ao contido do acordado previamente.

Visto o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente a RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE ZAS, actualizada a data 23.12.2025 elaborada por Xoán Antón Pérez Lema Avogados e Consultores, SL

SEGUNDO.-Expoñer ao público a mencionada relación, durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A Relación de Postos de Traballo considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. Una vez aprobada definitivamente, a Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- A Relación de Postos de Traballo do Concello de Zas terá efectos económicos, unha vez se habilite o crédito adecuado e suficiente."

O Sr. Alcalde pregunta se alguén ten algo que preguntar á vista da proposta.

O voceiro do PP toma a palabra e pregunta, canto suporía a suba total nos orzamentos?

O Sr. Alcalde contesta que uns 120.000 euros aproximadamente, pero que tamén se incorporan subas fixadas legalmente as cales son obrigatorias.

O voceiro do PP pregunta, canto costou a elaboración da RPT pola empresa que a fixo?



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

O Sr. Alcalde contesta que uns 12.000-14.000 euros aproximadamente e que se trata dun contrato menor.

A voceira do PSOE D^a Sheila Rial, toma a palabra e expón que o seu voto vai a ser a favor, considera que o acordo chega algo tarde e que podería ser unha proposta máis completa pero que a súa aprobación é algo necesario.

Considera que é un paso necesario e que se ademais se acadou un acordo cos representantes sindicais polo que é algo que se debe aprobar.

Ademais a voceira do PSOE formula as seguintes preguntas:

- Vanse a funcionarizar os postos?
- Vaise crear o posto de Tesoureiro?
- Vaise cubrir todos os postos de Policía Local?
- Vaise adecuar ao decreto que regula o CIM?

O Sr. Alcalde contesta, que a RPT no é para as persoas que ocupen o posto e unha relación obxectiva de postos e que se trata dun elemento vivo, pero que se espera que dure no tempo. Tamén manifesta que a RPT apróbase para dar cumprimento a normativa e o de pasar o persoal laboral a funcionario, tense que realizar acorde a lexislación, na actualidade parece que existe un “vacío legal” neste aspecto, así que esperemos que a normativa o aclare pronto.

Con relación á policía local, non cumpríamos as esixencias que establecía a lei que obriga a dispoñer de 3 efectivos, entendemos que para un Concello como Zas pode ser un pouco excesivo. Polo momento estamos intentando cubrir un posto en comisión de servizos con outros Concellos.

Con relación ao posto de Tesourería, o Sr. Alcalde, manifesta que na actualidade é un posto reservado a FHN e que así se establece na RPT.

Para finalizar a súa exposición, manifesta que entendemos que é unha boa RPT e que por iso propoñemos a súa aprobación.

Sometido a votación o pleno por unanimidade dos membros presentes adopta o seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE ZAS, actualizada a data 23.12.2025 elaborada por Xoán Antón Pérez Lema Avogados e Consultores, SL

SEGUNDO.- Expoñer ao público a mencionada relación, durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A Relación de Postos de Traballo considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. Una vez aprobada definitivamente, a Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
[//www.concellodezas.org/](http://www.concellodezas.org/)

CUARTO.- *A Relación de Postos de Traballo do Concello de Zas terá efectos económicos, unha vez se habilite o crédito adecuado e suficiente."*

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por terminado o acto, ás 10.30 horas do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor Alcalde.

En Zas,
A Secretaria

VºPr.
O Alcalde

Isabel Outeiriño Sánchez

Manuel Muíño Espasandín